

galicia

# espello deportivo

XUNTA DE GALICIA

## Espello Deportivo

É un proxecto de dinamización lingüística no que tres deportistas olímpicos e paralímpicos (Sofía Toro, Chano Rodríguez e Juan Antonio Saavedra) manterán un encontro cos integrantes das escolas deportivas e entidades municipais de 36 concellos de Galicia ata o mes de xuño. Con eles compartirán as súas experiencias na alta competición e poñerán en valor o emprego do galego como valor identitario no deporte.

Esta iniciativa enmárcase na programación de actividades da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) para o ano 2013. Nel colaboran e danlle apoio económico tres entidades pertencentes á RDL: a Xunta de Galicia -por medio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dende a que se pilota a RDL- e mais as deputacións provinciais da Coruña e Ourense. É un exemplo de colaboración, cooperación e coordinación dende diferentes administracións para impulsar a promoción do uso do galego dunha maneira eficiente e eficaz nun ámbito prioritario e transversal, o deporte, dende o que se queren darlle cumprimento ás directrices emanadas do Plan xeral de normalización lingüística, aprobado por unanimidade do Parlamento galego en 2004.

Canda os tres deportistas, acudirá aos encontros o actor Rubén Riós, responsable da empresa xestora do programa, Claqueta Coqueta.

# Os protagonistas



**Chano Rodríguez**

Nadador paralímpico  
Cádiz, 1957

16 medallas paralímpicas:

- 8 de ouro
- 4 de prata
- 4 de bronce

**Sofía Toro**

Regatista  
A Coruña, 1990

- Campioa nos Xogos Olímpicos de Londres, 2012
- Campioa de Europa en 2011
- Campioa de España en 2010 e 2011
- Campioa Iberoamericana en 2010



**Juan Antonio Saavedra**

Tirador paralímpico  
Pontevedra, 1973

- Medalla de prata nos Xogos Olímpicos de Londres, 2012
- Participou nas Olimpíadas de Atenas e Sidney

## Itinerario

O percorrido polos concellos da RDL incluía as seguintes 36 localidades:

10/04/2013 Outes. Casa da Cultura, 10:30 h. Con Juan Antonio Saavedra.

11/04/2013 Cabana de Bergantiños. Auditorio Municipal, 11:00 h. Con Chano Rodríguez.

12/04/2013 Boiro. Casa da Cultura, 11:00 h. Con Sofía Toro.

12/04/2013 Ribeira. Salón de actos do Club Náutico de Ribeira, 18:00h. Con Sofía Toro.

15/04/2013 Cambados. (Lugar por determinar), 11:00 h. Con Chano Rodríguez.

15/04/2013 Ortigueira. Casa do Concello, 16:30 h. Con Chano Rodríguez.

17/04/2013 Rois. (Lugar por determinar), 12:00h. Con Chano Rodríguez.

17/04/2013 A Pobra do Caramiñal (Mancomunidade Arousa-Norte). Museo Valle Inclán, 15:00 h. Con Sofía Toro.

18/04/2014 Corcubión. Colexio de Corcubión/Casa da Cultura, 15:00 h. Con Sofía Toro.

18/04/2013 Santa Comba. Salón de actos da Casa do Concello, 19:00h. Con Chano Rodríguez.

19/04/2013. Muxía. Salón de actos do voluntariado, 11:00 h. Con Sofía Toro.

19/04/2013. Viveiro (Mancomunidade da Mariña Lucense). (Lugar e horario por determinar). Con Chano Rodríguez.

20/04/2013 Cee. (Lugar por determinar), 12:00 h. Con Sofía Toro (por confirmar)

22/04/2013 Teo. Piscina Municipal da Ramallosa, 19:00 h. Con Chano Rodríguez.

22/04/2013 Vedra. EIS de Vedra, 15:00 h. Con Chano Rodríguez.  
23/04/2013 Bergondo. CPI Cruz do Sar/Edificio Multiúsos da Senra, 11:00h. Con Chano Rodríguez.  
23/04/2013 Ames. Casa da Cultura de Bertamiráns, 17:30 h. Con Sofía Toro.  
25/04/2013 Carral. (Lugar por determinar), 11:30 h. Con Juan Antonio Saavedra.  
26/04/2013 Aranga. CEIP A Castellana, 11:00 h. Con Juan Antonio Saavedra.  
26/04/2013 Arzúa. Telecentro Municipal de Arzúa, 19:00 h. Con Chano Rodríguez.  
30/04/2013 Mesía. CPI de Xanceda, 11:00 h. Con Chano Rodríguez.  
30/04/2013 Padrón. Auditorio Municipal, 20:30 h. Con Chano Rodríguez.

(...)

As datas concretas, así como toda a información sobre o programa xa está dispoñible no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega)

E tamén nas Redes Sociais!

# A Rede de Dinamización Lingüística

Espello Deportivo constitúe outra das iniciativas prevista na **Programación anual de actividades para o ano 2013** que o Consello de Membros da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) aprobou, a proposta da súa Área Técnica, o pasado mes de decembro.

A RDL é unha iniciativa impulsada polo Goberno galego, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na que a día de hoxe participan preto de 150 entidades de Galicia, co obxectivo prioritario de establecer e consolidar vías estables de colaboración, cooperación e coordinación entre as administracións local e autonómica, dando así un paso máis na promoción planificada do noso idioma. Ampliar os usos da lingua galega, incrementar o seu prestixio social e favorecer a súa visibilidade nos distintos ámbitos sociais son os seus principais propósitos.

O diálogo entre administracións, entidades, fundacións, asociacións, colexios profesionais, consorcios, entre outras entidades, supón unha nova dinámica de traballo na que se priorizan a optimización dos recursos, se queren evitar as duplicidades e se busca favorecer unha política lingüística mais eficiente e eficaz. A partir dunha planificación lingüística conxunta, a RDL está a definir estratexias básicas comúns en todo o territorio e compartindo experiencias, materiais e información entre os seus diferentes membros.



**XUNTA  
DE GALICIA**